



ESTE EXEMPLAR CONTÉN:

■ O FOLLETO DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS MUNICIPAIS. CURSO 2025-2026.

- Tamén dispoñible na web municipal.
- En versión papel chegará co exemplar de setembro.

ITV AGRÍCOLA EN VEDRA

■ Xa temos datas para a pasar a ITV aos vehículos agrícolas en Vedra.

Esta vez teremos dous lugares:

- EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA (Entorno da Casa da Cultura) O 13 DE NOVIEMBRE.
- EN VEDRA (Campo da Festa de Vedra) OS DÍAS 14, 17 E 18 DE NOVIEMBRE.

É preciso CITA PREVIA e estas poderán sacarse UN MES ANTES, en vindeiros exemplares do boletín compartiremos o xeito de solicitala.

SETEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

HORARIO NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS

■ A partir do 15 de setembro:

- O horario de atención ao público será de 09:00 a 14:00 h.

REPARACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha avaría ou mal funcionamento dos faros led que iluminan o noso municipio, chama ao teléfono 699 304 702.

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ Chama ao 981 814 612 e solicita que pasen a recoller os teus refugalloos voluminosos.

Trátase dun servizo gratuíto que se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número de pedidos, polo que non sempre é inmediato.

PUNTO LIMPO

■ Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso punto limpo situado o lugar de Fornelos, Vedra.

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.





ASÍ FOI MUNICIPAL

CAMPAMENTOS DE VERÁN



Minicampamento de Aventura.



Campamento do Mar.



Viaxe do Verán da Mocidade.



Campo de Voluntariado Internacional "Monte Sacro": Un proxecto impulsado polos Concellos de Vedra e Boqueixón co obxectivo de poñer en valor o lugar arqueolóxico do antigo Mosteiro de San Xoan da Cova, en Ponte Ulla.

CORRENTES DO ULLA



Descenso do Ulla:

Unha cita anual obrigada para @s amantes do río, a natureza e o deporte.



Ruta Fotográfica Ambiental:

Unha experiencia nova e diferente para coñecer a fauna e a flora da nosa contorna a través da fotografía.



Goza Do Ulla:

A etapa de sendeirismo incluída neste programa percorreu o pasado 3 de agosto con 110 persoas participantes que camiñaron dende o Pazo de Ortigueira de Santa Cruz de Ribadulla ata a Área de Cubelas, pasando pola Área de Recreo de Agronovo e polo Coto de Ximonde.



Ludoverán: Unha aposta pola conciliación que supuxo unha alternativa lúdica para unhas 90 familias e que propuxo un verán cheo de diversión, xogos, auga,...



Retransmisión en directo da Ópera La Traviata desde o Teatro Real coa FEMP.



A representación da obra "A Teteira de Kabul" grazas ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.



A campaña de microchipeado de mascotas.



A excursión á praia da Terceira Idade de Vedra.



A maxia de verán con Cayetano Lledó.



O foro I+D Agro da CADENA SER, no Centro Sociocultural de Vedra.



A visita institucional da Conselleira de Medio Rural ao Centro Terapéutico de AGADEA en Vedra, coa presenza de parte da súa directiva e tamén representación do GDR.



ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



ACAMPARTE 2025 da ANPA do CEIP Ortigueira.



A Escola Ambiental da Asociación AMABUL.



O XXII Festival de Bandas de Música do Patio, organizado pola Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



O 25º Aniversario de ASVETRANS (Asociación de Vehículos e Transportes) de Vedra.



A viaxe de intercambio da Asociación Cultural San Campio a Vitoria Gasteiz.



A XIV Festa do Chourizo da Asociación de Festexos A Concepción de San Pedro de Sarandón.



A comida no Xirimbao da Asoc. da Terceira Idade O Burgo.



A XXVI Concentración Moteira Val do Ulla.

XULGADO DE PAZ

■ **ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES.**

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 13:00 HORAS.

Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA

■ Data para este servizo gratuíto polo que aposta o Concello de Vedra para o mes de setembro:

- **EN SETEMBRO: O MARTES 16.**

Obrigatorio asistir con reserva de cita no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 14:00 h).

IMPORTANTE: Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

Cultura

OUTONO DAS ARTES DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PROYECCIÓN DO DOCUMENTAL: "LÉVAME A IDEA"


■ Este audiovisual é un recoñecemento profundo e necesario ás mulleres, **auténticas protagonistas** na creación, recuperación e divulgación da música de tradición oral galega.

- **Lugar:** Centro Sociocultural de Vedra.
- **Data:** 3 de outubro.
- **Hora:** 19:00 h.

A XANELA DA LINGUA...

ANO CASTELAO

■ No 75 aniversario do seu falecemento adicamos a Xanela da lingua a unha das figuras máis importantes da lingua e cultura galega. A súa cadeira de académico na Real Academia Galega permaneceu intacta dende o seu ingreso e durante todo o seu exilio, sendo o segundo homenaxeado no Día das Letras Galegas, despois de Rosalía de Castro, no ano 1964. Autor prolífico, foi narrador, ensaísta, dramaturgo, debuxante ademais da súa faceta profesional como médico, como político e intelectual. Algunhas das súas obras máis notables: *Un ollo de vidro*, *Cousas*, *Os dous de sempre*, *Os vellos non deben de namorarse* ou *Sempre en Galiza* son obras cumbres da literatura galega, que permanecen vixentes no noso patrimonio cultural e literario a día de hoxe. Neste ano de homenaxe a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, artista multidisciplinar e figura clave na cultura galega do século XX podes achegarte á súa figura



de varias maneiras, por exemplo, a RAG publica na súa web un espazo adicado ao artista e na Cidade de Cultura poderás visitar a experiencia inmersiva "Castelao. Mirar por Galicia", un percorrido virtual pola súa faceta persoal, literaria e artística.



COWORKING FEST 2025

■ Despois do éxito da edición do ano pasado, a Rede Provincial de Coworking da Deputación de A Coruña volve a propor unha semana de actividades e eventos en todos os centros da rede.

PROGRAMACIÓN EN SETEMBRO NO CENTRO DE EMPRENDIMENTO “A ESTACIÓN”:

■ **Luns 15 ás 18:30 horas:** **“SEGURIDADE E MANTEMENTO INFORMÁTICO”**

Cada día aumentan as estafas e os enganados online, neste obradoiro veremos as principais estratexias que utilizan os ciberdelinquentes e como detectalas e evitalas. Trátase dunha actividade axeitada para toda persoa interesada, xa sexa a nivel profesional como doméstico.

Tamén veremos a importancia de manter o noso ordenador actualizado e co software ao día.

O obradoiro será impartido por Iván Suárez de Tecoinfor Soluciones Informáticas.

■ **Martes 16 ás 18:30 horas:** **“FINANCIAMENTO ALTERNATIVO PARA PROXECTOS PROFESIONAIS E ASOCIATIVOS”**

Ademais das entidades financieras tradicionais existen outras que, sendo minoritarias, tamén nos poden axudar no momento de solicitar algún tipo de soporte económico: dende a banca ética ata asociacións de aforradores, pasando por cooperativas de crédito, son varias as entidades de este tipo que operan no noso entorno.

O obradoiro vai ser impartido por Antón Insua, consul-

tor no ámbito do cooperativismo e técnico de Coop57 Galicia.

■ **Xoves 18 ás 18:30 horas:** **“ADAPTACIÓN AO SISTEMA DE FACTURACIÓN VERIFACTU”**

A partir do ano 2026 todas as empresas e autónomos deberán adaptarse ao noso sistema de facturación electrónica e comunicación inmediata con Facenda que se coñece como VERIFACTU, vai implicar numerosos cambios e adaptacións na operativa diaria de calquera autónomo ou empresa. Coñeceremos como se ten que desenvolver esta adaptación e como traballar no novo contexto de facturación.

O obradoiro será impartido por Dimás Suárez de + Suárez, asesoría e xestoría con sede en Vedra.

Estas actividades teñen as plazas limitadas polo que agradecemos que te inscribas en aestacion@concellodevedra.gal. Todos os eventos se celebrarán en A Estación de Santa Cruz de Ribadulla.

Lembra tamén que mantemos a atención presencial en A Estación para calquera persoa interesada tanto no centro de emprendemento local como no espazo de Coworking.

Se queres ter máis información do resto de coworkings podes consultar a web <https://redecoworking.pel.gal> ou solicitarnos información para que te manteñamos ao día.

OS NOSOS COWORKERS:

ENTREVISTA A IVÁN SUÁREZ, Especialista en Sistemas Informáticos

■ O coworking da Estación segue medrando con novas incorporacións. Un dos últimos en sumarse é Iván Suárez, veciño de Vedra e responsable de Tecoinfor Soluciones Informáticas.

Falamos con el para coñecer mellor o seu traballo e o que espera atopar neste espazo compartido.

– Iván, contanos un pouco quen es e a que te dedicas.

Son autónomo e levo anos traballando no mantemento de sistemas informáticos. Fago tanto reparación e instalación de hardware -equipos e servidores- como mantemento de software: sistemas operativos, antivirus e configuración xeral. A idea é que as



Centro de Emprendemento “A Estación”

empresas e particulares poidan ter os seus equipos sempre a punto e seguros.

– Que che levou a instalarte no coworking da Estación?

Principalmente quería ter un lugar de traballo profesional no que recibir visitas e tamén un espazo tranquilo desde o que teletraballar. Sendo veciño de Vedra a opción de A Estación axústase como un guante. A maiores, pen-

so que é unha boa oportunidade para coñecer outros profesionais e compartir experiencias próximas.

– Que esperas atopar nesta nova etapa?

Agardo que o coworking sexa un punto de encontro, tanto para aprender doutros como para colaborar en proxectos comúns. Creo que en Vedra hai moito talento e que este tipo de espazos

son unha boa maneira de darlle máis visibilidade.

Dámoslle a benvinda a Iván á comunidade da Estación, desexándolle moitos éxitos nesta nova etapa profesional.

E por suposto podedes contactar con Iván a través de aestacion@concellodevedra.gal ou con el directamente na súa web tecoinfor.com.

Medio Ambiente

APÚNTATE Á COMPOSTAXE DOMÉSTICA

■ O Concello de Vedra dálles a oportunidade a todos os fogares do municipio para que poidan realizar unha compostaxe de calidade.



Para iso, só tes que solicitar gratuitamente o teu composteiro mandando un correo a residuoskmcero@concellodevedra.gal cos teus datos: nome completo, enderezo, dni, teléfono e correo electrónico.

E se xa fas compostaxe, podes recibir asesoramento a través do teléfono da compostaxe (dispoñible de luns a venres de 16:00 a 20:00 h.).



Agora mesmo xa son máis de 400 familias as que fan compostaxe doméstica no noso municipio, impedindo deste xeito que os residuos orgánicos xerados en Vedra percorran longas distancias, evitando a emisión de gases contaminantes á atmosfera e axudando na loita contra o cambio climático ao tempo que contribúen a mellorar a calidade dos nosos solos retornando a materia orgánica ao chan en forma de compost.

Apúntate á compostaxe e fai de Vedra un concello con RESIDUOS KMCERO.

Servizos Sociais

SERVIZO DE MADRUGADORES EN VEDRA

■ O servizo de madrugadores no marco do Programa de Conciliación continúa funcionando no curso 2025/2026; comezando o día 9 de setembro, podendo facer uso do servizo dende este mesmo día. O horario do servizo desenvólvese dende as 7:00 ata as 9:30 h.





ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

CURSOS OUTUBRO 2025- XUÑO 2026

- **Ximnasia de maiores:** os luns e mércores de 17:30 a 18:30 h., de 18:30 a 19:30 h. e de 19:30 a 20:30 h.
 - **Obradoiro de traballo corporal:** os martes de 17:30 a 18:30 h. e de 18:30 a 19:30 h.
 - **Canto-Coral:** os martes de 19:30 a 21:00 h.
 - **Obradoiro de memoria:** os xoves de 17:00 a 18:30 h. e de 18:30 a 20:00 h.
- Estes cursos teñen un custe de matrícula de 25 € (de outubro a xuño)
- **Laborterapia (Nas Máns da Avoa; Gratuíto):** os martes de 16:30 a 18:30 h.
 - **Obradoiro de Teatro (Gratuíto):** os mércores ás 20:30 h.
 - **Bailoterapia:** 20 €/trimestre, dende abril a xuño. Os xoves de 18:45 a 19:45 h.



Excursión a Vilanova de Arousa.

- **loga integral:** 30 €/trimestre, dende abril a xuño. Os venres de 17:30 a 19:00 h.

INSCRICIÓNS NO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS CHAMANDO AOS TELÉFONOS 981 814 695- 981 814 693 (en horario de mañá) ou no Centro Social de 17:00 a 21:00 h.

OUTRAS ACTIVIDADES:

- **Celebración da patroa do Centro Social "Festa do Burgo", na carballeira.**
Sábado 13 de setembro ás 13:00 h.
Programa: misa cantada pola Coral da Terceira Idade, haberá pulpeiro, os/as que queiran poden levar a comida...
Actuación do grupo de música

tradicional "Os Laxeiros" da AC San Campio.

- **Curso de dixitalización de persoas maiores "Mellor acompañados". Ensino de NOVAS TECNOLOXÍAS:**

- Caixeiro automático
- Teléfono móbil
- App móbil do Sergas

Datas: 23, 24 e 25 de setembro en horario de mañá.

Para máis información e inscricións: Centro Sociocultural de Vedra: 981 502 024 (en horario de tarde). Servizos Sociais: 981 814 695 (en horario de mañá).

Colaboran: Fundación Amigos de Galicia e Xunta de Galicia

Nota: Servizo de cafetería no Centro Social, de luns a venres de 17:00 a 21:00 h.

LUDOTECA CURSO 2025/2026

■ O mes de setembro vén cargado de actividades onde a maior parte delas estarán centradas na realización de obradoiros. A través de xogos ensinaremoslles @s nen@s a convivir cos outros, a ser persoas cunha mirada crítica, tendo o obxectivo de interactuar coas familias, e constituír un punto orientación, trataremos de informarnos sobre diversos aspectos que inflúen no desenvolvemento educativo d@s nen@s, posto que a ludoteca ademais de ser un centro lúdico tamén constitúe un espazo educativo no que pretendemos apoiar e complementar a tarefa educativa que realizan a familia e a escola. Con esta intención, propoñemos as seguintes actividades:

- Xogos cooperativos
- Gran xogo
- Ximcanas
- Móvete e baila
- Superchef

O horario no mes de setembro:

Do 1 ao 5 de setembro o horario será de 8:30 a 14:30 h. A partir do día 8 o horario será de luns a venres de 14:30 a 20:00 h.

Máis información no teléfono 699 041 486 ou 981 814 693; en horario de 9:00 a 13:00 h. carmen.sabio@concellodevedra.com



XUNTA DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello de Vedra



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).



2. Libre concorrencia: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestimenta.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.

ESCOLA PICO SACRO DE CARREIRAS POR MONTAÑA DO CLUB VÉRTICE

■ Técnica, velocidade, natureza, compañeirismo. Inscripcións abertas!

Onde? Pavillón de Lestedo-Pico Sacro, Boqueixón

Cando? Os xoves pola tarde:

- De 6 a 11 anos: de 16:30 a 18:00 h.
- De 12 a 16 anos: de 18:00 a 19:30 h.

Impartida por Vero Calvo e Fran Dapena.

Organiza: Club de Montaña Vértice, co apoio dos concellos de Vedra e Boqueixón.

Inscripcións e máis información: <https://clubvertice.es/escola>.



32ª CARREIRA POPULAR DO GUNDIÁN 14 de setembro ás 10:30 h. en Ponte Ulla

■ Inscripción gratuita obrigatoria en www.gundian.gal ata o 10 de setembro.

Apúntate á mellor carreira popular da comarca, con meta na capela do Gundían o día da romaría do Gundían pequeno.

Categorías desde os 0 aos 99 anos.

Premios para todos os participantes e máis de 1.000 € en vales de compra.

Máis información en <https://gundian.gal>, contacto@gundian.gal e 620 175 077.



ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA - BOQUEIXÓN. ABRE O PRAZO DE INSCRIPCIÓN PARA A TEMPADA 25/26

INSCRIPCIÓNS ABERTAS TEMPADA 2025-2026

Categoría	Nados nos anos
Xuvenil	2007, 2008 e 2009
Cadete	2010 e 2011
Infantil	2012 e 2013
Alevín	2014 e 2015
Benxamín	2016 e 2017
Prebenxamín	2018 e 2019
Biberón	2020 e 2021

Web para formalizar as inscricións:
<https://www.vedraboqueixoned.org>

+ Información

vedraboqueixoned@gmail.com

622 62 92 05

<https://www.vedraboqueixoned.org>



ASOC. CULTURAL SAN CAMPIO CURSO 2025-2026. ABERTO PRAZO DE MATRÍCULA EN SETEMBRO

■ Programa de actividades e información de interese:

- ESCOLA DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL: Gaita - Requinta - Acordeón - Percusión - Baile tradicional - Pandeireta
- BAILE MODERNO
- PILATES
- INGLÉS

As actividades quedarán suxeitas a acadar un número mínimo de participantes para a súa posta en funcionamento.

Lugar das actividades:

- Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón.

Para máis información, horarios e inscricións:

- Enderezo electrónico: acsancampio@gmail.com
- Teléfono 642 079 012
- Inscripcións ata o 30 de setembro; inicio das clases no mes de outubro.

A ASOCIACIÓN O BURGO DE VEDRA

■ Esta entidade continúa coas súas actividades programadas para o mes de setembro.

- **Domingo, 7 de setembro**, excursión a San Andrés de Teixido.
- **Domingo, 21 de setembro**, excursión á Romería do Nazareno, en A Pobra do Caramiñal.

...Tamén desenvolverá a actividade **"BAILE EN LIÑA"** todos os mércores na Casa de Cruza, en San Xian de Sales. Exclusivamente para soci@s.

Inscripcións e información no teléfono 639 811 666.

O CLUB OLÍMPICO DE VEDRA RETOMA A SÚA ACTIVIDADE

■ En outubro volve a actividade e a entidade anunciará en redes sociais o seu calendario de horarios durante o mes de setembro.

Información no teléfono 621 017 384 ou no enderezo electrónico olimpicodevedra@hotmail.es.



TROFEO CONCELLO DE VEDRA 2025 Sábado 6 de setembro ás 19:00 h.

■ Volve este clásico do fútbol local co enfrontamento entre a U.D.Val do Ulla e o C.D. San Mamed no Campo Municipal do Coto "Juan Castro".



CLASES DE TEATRO COA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

■ Os sábados pola mañá volve esta iniciativa de hora e media dous días ao mes no Centro Social de Vedra.

Grupos:

- Peques de 4 a 11 anos.
- Adolescentes de 12 a 17 anos.

Prezo: 20 €/mes.

Inscripcións abertas ata o 19 de setembro en ac_papaventos@yahoo.es.



Parabéns

AO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

■ Por colleitar catro podios nos Campionatos de España de triatlón cross, acuatlón e dúatlón cross.

O club vedrés logra unha medalla de bronce por equipos, tres medallas en grupos de idade e un importante impulso no ranking estatal, protagonizando así unha destacada actuación nos campiónatos de España de triatlón cross, acuatlón e dúatlón cross celebrados en Calahorra, conseguindo un total de catro podios -un por equi-

pos e tres individuais- ademais dunha valiosa suma de puntos para o ranking nacional de clubs.

Con estes resultados, o club vedrés apuntala a súa presenza no panorama estatal e reafirma o seu proxecto deportivo, que logo de máis de vinte anos segue medrando grazas ao compromiso e á calidade dos seus deportistas, ao apoio de institucións e patrocinadores, e a dedicación de todas as persoas que continúan a loitar por un proxecto xa totalmente conso-



lido, que segue a ser referente no deporte do rural na comarca. **Parabéns!!**

VEDRA FESTEIRA EN SETEMBRO!

■ FESTAS DAS DORES EN VEDRA: 6, 7 E 8 DE SETEMBRO.


- O 6: Verbena con "Los Satélites" e "Grupo Pasión zapatilla y diversión".
- O 7: Entrada de Bandas no campo da festa ás 10:30 horas e sesión vermú e concerto de noite con: "Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla", e "Banda Artística de Merza".
- O 8: Sesión vermú a cargo de Dúo Ibiza" e verbena con: "Orquestra Finisterre" e "Furia Joven" (orquestra nº1 en Canarias).



■ FESTAS DO GUNDIÁN EN PONTE ULLA: 7, 8 E 14 DE SETEMBRO.

- O 7: Ás 21:00 h. novena na honra á Virxe de Gundián e posterior procesión ata a capela acompañada polo "Grupo Luz do Ilicino" con gran tirada de Fogos de Artificio na Ponte Vella a cargo de Pirotecnia Penide. Verbena co Dj Peter Selek.
- O 8: Dende as 10:00 h. misas cada media hora. Ás 13:30 h. misa solemne cantada polo "Coro Parroquial" e sesión vermú cos grupos "Raeira" e "No Delorio".

- O 14: Dende as 10:00 h. misas cada media hora. Ás 13:00 h. misa solemne cantada polo coro parroquial. Sesión vermú co "Grupo Luz do Ilicino". Ás 17:30 h. xogos populares



■ FESTAS DO PATIO: 20, 21 E 22 DE SETEMBRO.

- O 20 "Festa das Dores"

Ás 12:00 h. "Concerto da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla". Misa solemne ás 13:30 h. cantada pola Coral de Santa Cruz de Ribadulla e sesión vermú amenizada pola Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla. Á noite verbena coa orquestra "Cuarta Calle, con Jorge Ferre" e "Disco Mega Chocolate con Dj Chus Lestayoy"

- O 21 "Festa do Carmen".

Misa na capela ás 10:45 h., procesión a Igrexa Parroquial coa Banda de Música de Ponte Ledesma e posterior concerto. Misa solemne ás 13:00 h. cantada pola "Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla" Sesión vermú a cargo de Grupo "Fusión" que tamén fará a sesión

de tarde a partir das 21 h.

- O 22 "Festa do Santísimo".

Ás 10:30 h. entrada da "Banda Artística de Merza" e da "Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla".

Ás 11:00 h. Misa e ás 11:15 h. Concerto das bandas.

Ás 13:00 h. misa solemne, cantada pola Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla. Sesión vermú e concerto de bandas.

Ás 20:00 h. Concerto de bandas con "Banda Artística de Merza" e "Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla".

Ás 00:30 h. "Gran Tirada de Fogos de Artificio" a cargo de Pirotecnia Penide.



■ FESTA DO SAN QUIETÁN EN VEDRA.

O sábado 27: Misa solemne ás 13:00h. Sesión vermú e verbena pola noite a cargo de Dúo Ibiza. Haberá pulpeiro!

■ FESTAS DO SAN MIGUELIÑO EN SAN MIGUEL.

O luns 29 de setembro e o sábado 4 e domingo 5 de outubro.

DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS